

COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN A HORMIGONES VIGO

PLENO 31 MAIO 2012. ACTA 9/2012

Por AER solicítase a comparecencia do Alcalde nos seguintes términos:

“En 1989, a empresa Hormigones Vigo, S.L. construíu e puxo en funcionamento unha planta de fabricación de formigón preparado, sen licenza ou autorización de ningún tipo, na parroquia de Vilar de Infesta, colindante co Colexio Público Porto Cabeiro e vivendas habitadas.

En maio de 1996 a Comisión de Goberno do Concello de Redondela acordou concederlle a licenza de obra e instalación, tras sete anos de reiteradas denuncias por parte dos veciños e membros da comunidade escolar, contando coa intervención da Consellería de educación así como das institucións do Valedor do Pobo e o Defensor del Pueblo, decretándose o cese da actividade da planta de formigón ata en dúas ocasións, consecuencia dos incumprimentos reiterados en materia de contaminación acústica e ambiental, emisión de po en suspensión, así como á produción de verquidos incontrolados. Ditas ordes de clausura nunca foron levadas a cabo.

Dous anos máis tarde, en 1998 a Comisión de Goberno concedeulle a licenza de apertura e posta en funcionamento, contra a que se interpuxo acción de nulidade de pleno dereito, denegada mediante silencio administrativo, o que deu lugar ó Procedemento ordinario nº 231/2002 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo. A sentenza parcialmente estimatoria da demanda, en 2004, condenou ó Concello de Redondela a iniciar, tramitar e concluír o procedemento de revisión de oficio da licenza de actividade concedida en 1998, formulando proposta de resolución e remitíndolla ó Consello Consultivo de Galicia no prazo improrrogable de tres meses. Dita sentenza fala da concorrencia dunha infracción urbanística manifesta e grave, asegurando que as administracións actuantes incumpriron "a súa obrigaón legal de ofrecer unha motivación suficiente e razoable que xustifique emprazamento tan insólito para una industria desta natureza". Asegúrase ademais que a cadea de incumprimentos "prolongouse durante un período que se conta en anos, que xustificaría o arquivo do expediente e o peche definitivo da actividade, ou alomenos, unha actitude máis decidida por parte da Administración municipal, que tolerou durante un prolongado período (antes de 1989) o funcionamento clandestino dunha actividade clasificada e, despois, o incumprimento permanente dos termos da licenza".

Tralo recurso da empresa codemandada, dita sentenza foi confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 22 de maio de 2007.

En marzo de 2008 o Consello Consultivo de Galicia ditaminou por unanimidade que procede a declaración de nulidade da licenza de apertura, ditándose por parte do Concello resolución

neste sentido, o 2 de Xuño, ordenando a inmediata paralización da actividade que dita licenza amparaba, paralización que non foi cumprida pola empresa.

Trala desestimación do recurso de reposición interposto pola cementeira, o Concello acordou propoñer ó Pleno a iniciación dun expediente de declaración de lesividade da resolución do 2 de xuño de 2008, anulando a licenza e a suspensión dos seus efectos. En sesión extraordinaria acordouse a iniciación de dito expediente e a suspensión en tanto non se sustancie o procedemento de declaración de lesividade dos efectos da citada resolución, por entender que da mesma poderían derivarse prexuízos de imposible ou difícil reparación.

Contra esta decisión interpúxose demanda de protección dos dereitos fundamentais, parcialmente estimada na sentenza de 24 de Xuño de 2009, dentro do Procedemento Especial para a Protección dos Dereitos Fundamentais nº 1/2008 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo. Dita sentenza acordou o cese total da actividade da planta en horario nocturno, o que motivou a Resolución do Concello do 29 de Xullo de 2009, ordenando o cese da actividade en dito horario, orde que foi incumplida pola empresa.

O 29 de abril de 2010 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estimou o recurso de apelación interposto contra a sentenza ditada polo Contencioso de Vigo, revocándoa parcialmente, anulando na súa totalidade o apartado 2 da parte dispositiva do Acordo do Pleno; "Suspende, en tanto non se sustancie o procedemento de declaración de lesividade, os efectos da citada resolución de conformidade co previsto no artigo 104 da mesma lei, a expensas do que resulte do expediente por entender que da mesma poderían resultar prexuízos de imposible ou difícil reparación". O Tribunal asevera que actividade da planta de formigón permitida pola resolución administrativa impugnada ó suspender os seus efectos "é contraria á legalidade pois carece de licenza ao ser anulada a que no seu día foi concedida para desenrolala".

Pese á absoluta ilegalidade da planta, dende o ano 2004 tiveron lugar sucesivas ampliacións sen licenza ou orde de execución que as ampare, consecuencia do cal resolveuse por parte deste Concello ordenando a súa clausura inmediata, orde desobedecida ata en catorce ocasións, quebrantando os precintos policiais e continuando coa actividade nas instalacións ilegais.

Facémonos varias preguntas.

Por que o Concello iniciou procedemento de lesividade anticipándose á reclamación da empresa?

Por qué non se executa a sentenza firme de protección dos dereitos fundamentais?

Foi imposta algunha multa por verquidos, emisión de po 20 veces por encima do permitido (co agravante de estar a carón dun colexio público) e/ ou pola rotura reiterada de precintos?

Ten pensado o goberno local pedir responsabilidades, no caso que o Concello sufra algún prexuízo, aos integrantes da comisión de goberno que o 21 de decembro de 1998 concedeu a licenza de apertura a pesares de ter dous informes desfavorables do arquitecto municipal (16/10/1997 e 06/02/1998), ao abeiro da "Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local"?

Polo exposto, Jorge Varela Couñago, en calidade de voceiro da Agrupación de Electores de Redondela, ao abeiro do contemplado no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, solicita a comparecencia do Alcalde para responder estas preguntas e dar as explicacións oportunas sobre a situación da cementeira de Vilar.

O Alcalde di que é un tema muy delicado e sensible e hai persoas que están a sufrir pero agora está “subiudice” e hai que ser prudente. En canto ao recurso de lesividade foi adoptado pola corporación anterior, cando él non estaba. Non sabe qué foi o que levou a tomar esa decisión. A sentenza está en proceso de execución e para iso o Concello se dirixiu ao Xulgado. Non lle constan novos verquidos dende que están no goberno e se os hai seguirase o procedemento. Se actuou e se enviou ao Xulgado parte de todas as roturas. O administrador está imputado. Cando haxa una sentenza firme e se resolva todo o proceso se verá o das responsabilidades. Sinala que vaise cumprir a legalidade.

O concelleiro Varela Couñago reitera a historia da cuestión e sinala que segundo o informe de abogados que lles asesoran pode non haber lugar a indemnización .Pide que se exerza unha estricta vixiancia sobre a actividade da empresa.

O Alcalde di que non están parados. E hai varios procedementos xudiciais en marcha. Aínda que houbera outras alternativas optouse por unha. Sinala que é unha situación moi complexa.-